

**PONTEAREAS****A N U N C I O**

A Corporación Municipal en sesión celebrada o 21 de xaneiro de 2014, acordou aprobar definitivamente o Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Ponteareas, cuio texto íntegro é o seguinte:

**REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE PONTEAREAS***TITULO I. OBXECTO E DISPOSICIÓNS XERAIS.**ARTIGO 1.*

É obxecto do presente Regulamento regular a actividade, organización e funcionamento do Mercado Municipal de Abastos deste municipio, así como os dereitos e deberes de todas as persoas que, como dependentes da Administración Municipal, concesionarios, usuarios das súas instalacións, consumidores ou calquera outro concepto interveñen dalgún xeito nel e nas operacións que se realicen; fixar as normas ás que terán que suxeitarse toda concesión das súas instalacións con fins comerciais, establecendo as disposicións que os concesionarios terán que observar para o mellor servizo, tanto no referente á hixiene das mercadorías como no relativo á presentación das súas persoas e postos en orde ás debidas condicións de sanidade e hixiene.

A competencia en materia de abasto público correspóndelle ó Concello de Ponteareas de conformidade co disposto no artigo 25.2.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 80.2.g) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia. As diferentes instalacións e prestacións do servizo adaptaranse, ademais de ó contido deste regulamento, á Lei 13/2010, do 27 de decembro, de comercio interior de Galicia, e á Lei 7/1996, do 15 de xaneiro de Ordenación do comercio minorista.

O concello poderá xestionar o mercado de xeito directo ou indirecto, adoptando calquera das formas legalmente establecidas a tal fin.

O Mercado Municipal de Abastos ó que se refire o presente regulamento atopase localizado no inmovible situado entre as rúas Perillana e Doutor Fernández Vega.

*ARTIGO 2.*

O Mercado Municipal de Abastos é propiedade do Concello de Ponteareas e destinarase ás transaccións e venda polo miúdo, por expendedores cualificados, de artigos alimenticios na súa máis ampla acepción, se ben cando o concello o estime conveniente poderá adxudicar postos para a venda de determinados artigos de uso, sempre e cando non exista necesidade de espazo para a venda dos primeiros.

*ARTIGO 3.*

Limitarase a actividade dentro do Mercado de Abastos á actividade comercial regulamentada e con previo permiso de concesión e licencias pertinentes, quedando prohibidas dentro do mercado municipal as actividades ambulantes, podendo concederse permiso de venda ambulante nas inmediacións do Mercado de Abastos.

A cen (100) metros do Mercado Municipal de Abastos o Concello non concederá novas autorizacións de aperturas de establecementos de artigos alimenticios que se expendan no mesmo, respectando só ós actuais establecementos que funcionan coa debida autorización municipal e con anterioridade á promulgación do presente Regulamento.

*ARTIGO 4.*

O Mercado Municipal de Abastos e as súas dependencias permanecerán abertas ó público nos días e horas que sinale a Alcaldía (ou concellería delegada), unha vez consultada a asociación de comerciantes da Praza de Abastos e respectando o establecido na lexislación vixente ó respecto.

O horario habitual de venda ó público será de 6 días á semana de 8,30 a 14,30 horas mínimo, permanecendo as instalacións abertas, podendo amplialo á tarde o que queira, tanto no interior do mercado como nos locais exteriores.

*ARTIGO 5.*

A recadación de exaccións realizarase de acordo coas ordenanzas municipais e acordos plenarios de aplicación.

*ARTIGO 6.*

1. O concello exercerá no mercado a necesaria intervención administrativa, a vixilancia sanitaria e cantas funcións impliquen exercicio de autoridade e sexan da súa competencia

As funcións de dirección do mercado municipal corresponden á Alcaldía-Presidencia, podendo ser delegadas de conformidade coa normativa de aplicación.

A intervención administrativa do concello nos mercados dirixirase a asegurar o abasto dos artigos de consumo de primeira necesidade, a calidade dos ofrecidos na venda, a fidelidade no despacho dos que se expidan a peso ou medida e a normalidade dos prezos.

O concello sancionará calquera forma de actuación que vaia contra as condicións sanitarias dos produtos, altere a súa calidade, peso ou medida ou estea encamiñada a impedir ou dificultar a liberdade do tráfico mercantil.

2. A inspección sanitaria e exame dos produtos alimenticios que se expenden no mercado municipal corresponde ós organismos competentes ó efecto, os cales poderán realizar cantas comprobacións crean oportunas para garantir o perfecto estado hixiénico-sanitario dos produtos que se vendan na praza de abastos. A inspección poderá actuar de oficio ou a instancia de parte. Os axentes da inspección axustarán a súa actuación á normativa vixente en materia sanitaria, de protección dos dereitos dos consumidores, disposicións legais en materia de regulación de matadoiros, de extraccións pesqueiras marisqueo e acuicultura, e en xeral a todas aquelas normas que afecten ó abasto público.

O concello poderá tamén ordenar inspeccións periódicas no mercado a realizar por persoal adscrito ós servizos municipais ou contratado ó efecto, no ámbito das súas competencias.

3. Os inspectores están facultados para a recollida de mostras de alimentos e para o seu decomiso cando fora preciso, dando conta destas actuacións ó concello por se puideran derivar feitos sancionables.
4. Non se poderán expoñer á venda aqueles produtos que non estean recoñecidos pola inspección cando este trámite sexa obrigatorio.
5. Os vendedores non poderán opoñerse á inspección nin ó decomiso, por causa xustificada, das mercadorías.
6. O xénero declarado en malas condicións sanitarias será destruído de acordo co que dispoña a inspección.

*ARTIGO 7.*

A vixilancia dos mercados corresponderá ós membros da Policía Municipal quen realizarán, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Prestar auxilio ó persoal do mercado se son requiridos para elo.
- b) Coidar do mantemento da orde no mercado.

As asociación de vendedores poderán contratar coa autorización municipal, un servizo de vixilancia por empresa privada, estando a actuación de estes sometida ás ordes que emanen deste concello.

O Alcalde-presidente poderá designar a un funcionario municipal preferentemente da Policía Municipal, a quen se lle encomendará a vixilancia do cumprimento do presente Regulamento.

#### ARTIGO 8.

Dende o concello levarase un libro rexistro de concesións de postos, con folla aberta para cada posto, na que se reflectirán as súas características e incidencias xurdidas no relativo á titularidade e, dun modo especial, os artigos que se poidan vender no mesmo, tarifa de explotación, data de adxudicación, datos persoais do concesionario, así como si utiliza auga e enerxía eléctrica.

#### ARTIGO 9.

Corresponderá ó Pleno da Corporación:

- a) A aprobación, modificación ou derogación do presente regulamento.
- b) A creación, suspensión, supresión ou cambio do mercado.

Corresponderá á Alcaldía:

- a) Fixar a rama comercial á que o posto ten que limitar a súa actividade, respectando o establecido no presente regulamento.

O Concello destinará como norma xeral a planta "B" á rama de peixería e a planta "A" á rama de carnicería, podendo exercerse outras actividades diferentes previa autorización municipal.

Os postos de nova concesión que resulten trala execución das obras de remodelación do mercado actualmente en execución, procurárase que se vinculen a actividades diferentes ás de peixería e carnicería.

Os postos exteriores manterán a súa actividade actual ou calquera outra diferente a carnicería, peixería, charcutería e derivados, froitos e legumes

- b) A adxudicación e prórroga da concesión dos postos do mercado que resulte da súa competencia de acordo coa normativa de aplicación (DA 2ª do RD. Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP) e nos termos do presente regulamento.
- c) No caso de traslado do mercado municipal ou modificacións arquitectónicas, corresponde ó concello sinalar o emprazamento e extensión da reubicación dos postos existentes, tendo en conta as características dos postos anteriormente concedidos e podendo sinalarse pola Corporación outros criterios para a reubicación das concesións ou licencias anteriores. Os traslados efectuaranse sen resarcimento económico algún por parte do Concello.

#### ARTIGO 10.

Os concesionarios poderán agruparse formando asociacións, que haberán de reunir os requisitos da normativa de aplicación.

#### ARTIGO 11.

As zonas de carga e descarga efectuaranse nas seguintes rúas e nos horarios que se sinalan:

- Carga e descarga de carnes: Rúa Doutor Fernández Vega. Horario: de 7,30 a 15,00 horas.
- Carga e descarga de peixe: r/ A Perillana. Horario: de 7,30 a 15,00 horas.

Dita carga e descarga poderá efectuarse ademais en horario de tarde, previa autorización da Alcaldía e sen interromper a actividade comercial que se desenvolva.

*ARTIGO 12.*

O ascensor para as persoas non poderá utilizarse para transportar mercadorías. Quen utilice para os citados fins, será sancionado economicamente de acordo co presente regulamento.

*ARTIGO 13.*

O Concello poderá autorizar tanto no interior como no exterior do mercado municipal postos de ocupación transitoria (vendedores/as de produtos autóctonos e outros), nos lugares destinados polo Concello para tal actividade. Dita situación transitoria cesará cando sexa necesario a criterio da Alcaldía.

*TITULO II. OS POSTOS E AS SÚAS CONCESIÓNS.**ARTIGO 14. POSTOS.*

Os postos dos mercados son propiedade do concello, e pola súa condicións de bens de servizo público son inalienables, inembargables e imprescritibles.

Os postos de venda no mercado municipal de abastos clasificaranse en:

- a) *Postos pechados*: superficie pechada de obra, semellante a un local comercial na que o concesionario poderá almacenar, expoñer e comercializar os seus artigos. Nestes postos poderase vender calquera mercadoría das permitidas no mercado, en función do que se determine nos acordos de adxudicación.
- b) *Postos abertos ou mesas de venda (bancadas)*: mesado, diáfano, no que o concesionario pode expoñer e comercializar os seus artigos.
- c) *Almacéns Depósitos*: No caso de existir, destinaranse a gardar utensilios e artigos dos vendedores do mercado titulares deles. Previa autorización do concello, poderán colocarse neles instalacións frigoríficas de conservación ou conxelación. En ningún caso poderán utilizarse para a venda

Os postos do mercado estarán numerados e ordenados en función do seu destino ou da actividade autorizada.

O número, emprazamento e dimensión dos postos de venda, locais e demais servizos do mercado virán sinalados no plano respectivo, aprobado polo órgano competente.

O concello poderá fixar os criterios estéticos e o deseño dos postos de venda no mercado co fin de manter unha determinada uniformidade.

O local onde se preste o servizo disporá das instalacións mínimas esixidas pola normativa reguladora segundo o tipo de venda que se realice.

*ARTIGO 15. CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS DEMANIAIS.*

Corresponde ó Concello de Pontearreas a cesión da explotación dos postos do mercado a particulares mediante a forma de concesión administrativa demanial.

Poderán ser obxecto de concesión os postos que previamente estean vacantes ou dados de baixa.

O obxecto da concesión será a utilización privativa dos postos dos mercados co fin de dedicalos ó servizo de venda ó público duns produtos determinados.

A Administración municipal, non obstante, poderá facilitar cambios de actividade comercial naqueles postos que xulgue oportuno, especialmente para promover novas actividades que estean pouco ou nada representadas no mercado, cando haxa demanda por parte das persoas usuarias e a nova actividade resulte compatibles coa que desenvolven os postos máis próximos. Á hora de tomar esta decisión, o órgano de goberno competente consultará á Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos. Ó expediente engadirase tamén informe-proposta do/a concelleiro/a delegado/a de mercados en caso de que esta competencia estea delegada pola Alcaldía.

A Administración municipal poderá esixir das e dos titulares dos postos fixos a colocación, nun lugar visible, dunha ficha na que figuren datos tales como o número do posto, o titular da explotación e a actividade autorizada nese posto, así como a alta na Seguridade Social ou o IAE correspondente.

O dereito de uso e aproveitamento dun posto será a título persoal e por tempo determinado. O comercio nos mercados exercerase polos titulares da concesión ou licenza de venda. Poderá colaborar no desenvolvemento da actividade e ocupar o posto o persoal contratado laboral dado de alta na seguridade social no réxime correspondente, e os familiares en 1º grado de consanguinidade ou afinidade sempre e cando se cumpra a normativa laboral vixente.

#### ARTIGO 16.

1. A adxudicación das concesións farase seguindo as prescricións xerais que fixen as normas vixentes en materia de contratación das administracións públicas, por procedemento aberto.

Se celebrado o procedemento aberto quedasen sen adxudicar postos, estes poderán ser adxudicados mediante procedemento negociado conforme ás mesmas disposicións.

O Concello deixará deserta a licitación se non se cubrise o canon inicial e se reserva o uso do dereito de retracto, si se considerase este como beneficioso para os intereses municipais.

O posto outorgarase ó licitador que, reunindo os requisitos esixidos nas bases, realice a mellor oferta económica ou obteña a maior puntuación, segundo os criterios de adxudicación previstos nos pregos.

2. Os pregos que regulen o procedemento da concesión dos postos deberán conter como mínimo as seguintes determinacións:

- Posto obxecto da concesión e descrición das súas características, usos e actividades permitidos, así como requisitos que deban cumprir os licitadores.
- Obras e instalacións que no seu caso deban realizar os concesionarios e que quedarán suxeitas a reversión e necesidade de licenza.
- Instalacións de titularidade do concello que se entreguen ó concesionario para a súa explotación.
- Prazo da concesión e prórrogas posibles, como límite máximo de 50 anos tanto para persoas físicas como para persoas xurídicas prórrogas incluídas.

O prazo de concesión será cando menos de 15 anos, admitíndose as prórrogas previstas nos pregos de condicións ata completar como máximo o prazo máximo sinalado no presente regulamento. As prórrogas deberán ser solicitadas polo concesionario, e no caso de ser concedidas aboarase en concepto de dereitos municipais o previsto ó efecto na correspondente ordenanza fiscal.

A/s prórroga/s as que se refire ese artigo deberán ser solicitadas polo interesado con 30 días naturais de antelación ó remate da concesión.

- Tipo de licitación da concesión, que será como mínimo equivalente á taxa dun ano pola prestación do servizo do mercado municipal establecida na Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por prestación de Servizos dos Mercados Municipais e garantías definitivas que deberán constituír os concesionarios, que serán do 5% do prezo de adxudicación do posto, salvo outras determinacións específicas contidas no presente regulamento.

#### ARTIGO 17.

O prazo ordinario de concesión será de quince anos tanto en persoas físicas como xurídicas. Dito prazo poderá ampliarse, por prórrogas sucesivas de cinco anos, ata os 50 anos como máximo, nos termos do prego.

*ARTIGO 18. AUTORIZACIÓNS PROVISIONAIS.*

1. Excepcionalmente e respecto de postos que temporalmente se atopen libres, o Concello poderá outorgar autorizacións provisionais de carácter revogable por períodos dun ano, prorrogables mediante resolución expresa ata un máximo de catro anos, mentres non se resolva o procedemento aberto (ou no seu caso negociado) de licitación para a súa adxudicación. O órgano competente para outorgar estas autorizacións provisionais é a Alcaldía, a efectos de dotar de axilidade ó procedemento de adxudicación e para dinamizar o uso dos postos.
2. Os usuarios de postos de venda con autorizacións provisionais outorgadas con posterioridade á entrada en vigor deste regulamento, non poderán transmitir, por actos inter vivos nin mortes causa, o uso e disfrute dos postos, sendo nulo calquera acto neste senso, quedando automaticamente extinguida a autorización polo falecemento ou declaración da ausencia do seu titular provisional, a disolución da sociedade titular provisional, a perda das condicións que foran esixidas para a autorización provisional, ou calquera outra causa bastante para a anulación ou revogación da autorización provisional.
3. A autorización provisional non outorga ós seus detentadores dereito algún de preferencia no procedemento de licitación para a adxudicación do posto, nin lles faculta outros dereitos que se confiren ós concesionarios con relacións os postos, debéndose entender a autorización en precario, sen dereito a indemnización algunha no suposto da súa revogación e advertíndolla dunha antelación de 15 días, en base á defensa dos intereses municipais.
4. No referente ás condicións de venda, terán os vendedores titulares da autorización provisional os mesmos dereitos e deberes dos/as concesionarios/as.
5. Como obrigación económica, se comprometen a abonar os detentadores da autorización provisional, as taxas que fixe a Ordenanza Fiscal Municipal correspondente, supoñendo o impago a inmediata revogación da autorización.
6. No suposto de revogación, unha vez que transcorra o prazo de quince días outorgado, procederase a desaloxar o posto de forma inmediata.

*ARTIGO 19. TRASPASO DOS POSTOS.*

No caso de persoas físicas, e chegado o momento da xubilación da persoa titular, a concesión poderá ser traspasada á familia por liña directa. Se a xubilación se produce nos quince (15) anos de concesión ordinaria, poderá transmitirse ata o remate deste prazo concesional. Si se produce durante algunha das prórrogas, transmitirase ata consumir o prazo de prórroga concedido. Rematados eses prazos, o posto declararase vacante.

Quen ten a titularidade de postos de venda obtidos mediante unha concesión administrativa demanial poderá transferir ou traspasar o seu uso e aproveitamento polo período que reste de concesión, trala autorización da autoridade municipal e o pago das taxas correspondentes, sempre que a parte cedente teña acreditado estar explotando o posto de venda, polo menos, durante o período de cinco anos dende o momento da concesión (agás en caso de incapacidade permanente e total, debidamente probada do seu titular), e que a parte adquirente reúna as condicións esixidas nese regulamento e no resto da lexislación para poder contratar coas administracións. Haberá de comunicarse ó Concello o prezo no que se fixa o traspaso. A efectos da percepción dos dereitos de traspaso polo concello, en ningún caso o prezo declarado de traspaso poderá ser inferior ó prezo da adxudicación inicial da concesión; e para o caso de non existir este non será inferior á cantidade equivalente a unha anualidade vixente das taxas que se satisfagan pola concesión do posto que se pretende traspasar.

Poderase tamén traspasar a concesión e os seus efectos e dereitos en actos mortis causa, pasando o uso e aproveitamento do posto ás persoas herdeiras, nas mesmas condicións que se fixan no parágrafo primeiro deste artigo. Quedará automaticamente extinguida a concesión polo falecemento ou declaración de ausencia de herdeiro/a do titular. Igual sucederá pola disolución da sociedade concesionaria ou a perda das condicións que foran esixidas no momento da concesión, ou calquera outra

que sexa relevante e que, “per se”, obrigue á anulación ou revogación da concesión. Entendéndose como relevante a venda da sociedade ou cambio de socios por calquera motivo.

O/a beneficiario/a do traspaso deberá reunir as mesmas condicións esixidas ó transmitinte na súa adxudicación.

No caso de que unha persoa física titular dunha concesión quixera constituírse en persoa xurídica ou viceversa deberá solicitar ó Concello o cambio de titularidade-traspaso. De non facelo podería serlle revogada a concesión sen dereito a indemnización.

O cambio ou cambios de titularidade non afectarán ó cómputo dos límites do prazo da concesión contemplados no presente regulamento e no correspondente prego. Así, o prazo da concesión do posto nos casos de traspasos contará para o/a novo/a concesionario/a dende a data do inicio da concesión e non dende a do traspaso.

Todas as transmisións deberán ser autorizadas polo Concello, previo pago das taxas establecidas na correspondente Ordenanza fiscal.

Os novos titulares deberán repoñer as garantías prestadas polo anterior titular.

Queda prohibido o subarrendo, alugueiro ou calquera outra modalidade de cesión temporal dos postos e mesas do mercado polos seus titulares.

Os concesionarios non poderán intercambiar entre eles os emprazamentos agás autorización municipal.

#### *ARTIGO 20.*

Trala solicitude da persoa física ou do representante legal da persoa xurídica á que lle vaia rematar o prazo da concesión, o Concello poderá outorgar prórrogas sucesivas de cinco anos cada unha, ata completar un máximo de cincuenta anos de concesión, conforme ó sinalado no presente regulamento e nos pregos correspondentes.

A/s prórroga/s deberá/n ser solicitada/s polos interesados con trinta días de antelación ó remate da concesión e deberá/n ser resolta/s pola Xunta de Goberno Municipal antes de dito remate.

#### *ARTIGO 21.*

Finalizada a concesión o posto reverterá automaticamente ó Concello, coas súas melloras e obras accesorias, sen dereito a indemnización ningunha á parte adxudicataria quen, en todo caso, poderá retirar o mobiliario e maquinaria que tivese instalado coa obriga de deixar o posto en perfectas condicións de uso. So despois de cumprir con esta obriga, poderá devolvérselle a fianza depositada no momento da adxudicación.

#### *ARTIGO 22.*

O Concello dedicará os postos abertos, primeiramente, á venda de produtos do mar (peixes, mariscos...) e produtos da horta (froitas, verduras, hortalizas...). Os postos pechados dedicaranse á venda de produtos de alimentación, sen prexuízo de que o Concello poida autorizar o cambio de destino, á petición do titular, sendo doutra actividade diferente á existente.

#### *ARTIGO 23.*

O Concello de Pontearreas, como norma xeral, non incrementará a oferta de produtos en cada un dos mercados con novas concesións ou autorizacións de postos, agás cando se trate de ampliación de concesións xa existentes ou cando se ocupen instalacións preexistentes. No caso de optar por aumentar a oferta en produtos concretos, o Concello consultará a proposta coa Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos.

*TITULO III. DOS CONCESIONARIOS/AS E PERSOAS AUTORIZADAS**ARTIGO 24.*

Poderá ser concesionaria dun posto calquera persoa física ou xurídica con plena capacidade de obrar, que reúna os requisitos legais necesarios para o desenvolvemento da actividade que pretenda e que dispoña dun título habilitante por parte da Administración municipal, a cal terá a forma de concesión administrativa demanial.

Os/as concesionarios/as deberá reunir os seguintes requisitos:

1. Estar dados/as de alta na actividade censual no epígrafe correspondente, dentro do Concello.
2. Estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.
3. Estar dada/s de alta na Seguridade Social segundo corresponda en cada caso.
4. Estar ó corrente de pago dos impostos e taxas municipais.

No prazo máximo de trinta días posteriores á comunicación da concesión ou autorización, por parte do Concello, deberán acreditar os requisitos establecidos nos apartados 1 a 3.

*ARTIGO 25.*

Un mesmo posto non pode ser concedido a máis dunha persoa física ou persoa xurídica.

Tampouco poderá ser concedido un posto a aquelas persas físicas ou xurídicas que estean inmersas nalgún dos supostos de prohibición para contratar establecidos na normativa sobre contratos das administracións públicas.

Non poderán optar á concesión administrativa de postos aquelas persoas ás que lles fora revogada unha concesión anterior como consecuencia de sancións por faltas moi graves. Tampouco poderán optar á concesión dun posto as persoas comprendidas nos casos de incapacidade e incompatibilidade sinalados na normativa de contratación das administracións públicas.

Ningunha persoa física ou xurídica poderá dispoñer de máis de tres postos en concesión, fixos ou bancadas. Esta disposición non afectará ós dereitos adquiridos con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento.

*ARTIGO 26.*

As persoas que estean ó fronte do posto ou bancada deberán ser as titulares dos mesmos, o persoal contratado laboral daquelas (dado de alta na seguridade social no réxime correspondente) ou os familiares en 1º grado de consanguinidade ou afinidade sempre e cando se cumpra a normativa laboral vixente.

Os titulares dos postos, o persoal por eles contratado ou os familiares en 1º grado de consanguinidade ou afinidade que ocupen os postos deberán estar en posesión do carné de manipulador de alimentos no caso de que a actividade supoña a manipulación de alimentos, podendo o Concello, en calquera momento, comprobar e requirir o cumprimento deste requisito.

No caso de concesión ou autorización a unha persoa xurídica, esta deberá poñer ó fronte do posto persoal empregado, que deberá estar en posesión do carné de manipulador de alimentos no caso de que a actividade supoña a manipulación de alimentos.

*ARTIGO 27.*

O Concello poderá requirirles en calquera intre ós/as concesionarios/as e persoas autorizadas xustificantes conforme cumpren os requisitos establecidos nos artigos anteriores.



*TITULO IV. DA EXTINCIÓN E SUSPENSIÓN CONCESIÓNS:**ARTIGO 28.*

Sen prexuízo do disposto noutros preceptos deste regulamento ou na normativa contractual das Administracións Públicas, as concesións extinguiranse e quedarán sen efecto nos seguintes supostos:

- a) Extinción do prazo de concesión establecido e no seu caso das prórrogas correspondentes.
- b) Renuncia expresa e escrita do titular.
- c) Mutuo acordo entre a Administración municipal e o/a concesionario/a
- d) Declaración de quebra do titular, establecida en resolución xudicial firme.
- e) Causas sobrevidas de interese público que motiven o rescate da concesión, aínda antes da terminación do prazo polo que se concedeu ou autorizou, fixándose no seu caso a indemnización a que puidera haber lugar de acordo co previsto na normativa vixente, e en todo caso logo de audiencia ó interesado.
- f) Morte, xubilación ou incapacitación do titular, agás o establecido para a subrogación neste regulamento.
- g) Disolución da sociedade titular da autorización provisional.
- h) Subarrendo ou cesión do posto a un terceiro, sen cumprir os requisitos previstos neste regulamento.
- i) Perda das condicións de capacidade para contratar ou perda dalgunha das condicións esixidas nos pregos reitores das concesións ou na normativa que resulte de aplicación.
- j) A non ocupación e explotación do posto de venda por permanecer pechado durante un mes ininterrompido fóra dos supostos permitidos no presente regulamento, e agás causa xustificada a criterio do órgano que outorgou a concesión ou a autorización.
- k) Grave incumprimento das obrigas sanitarias ou das ordes recibidas en materia de limpeza ou hixiene dos postos segundo o previsto nesta ordenanza ou noutra normativa de aplicación.
- l) Incumprimento reiterado de obrigas esenciais do/a concesionario/a tipificadas neste regulamento.
- l) A falta de pagamento das taxas municipais de tres mensualidades consecutivas no período dun ano ou cinco alternas no período total da concesión.

Para a resolución das concesións de postos de venda deberá tramitarse un procedemento previo, concedendo audiencia ó titular por un período de 15 días hábiles.

*ARTIGO 29.*

1. Os titulares deberán, ó termo da autorización/concesión, calquera que fose a causa, deixar libres ou baleiros e a disposición do concello os locais obxecto da utilización nun prazo máximo de 15 días.
2. De non facelo no prazo de quince días, o Concello poderá facer uso do deshaucio administrativo.
3. Recuperado o posto polo concello, este procederá á devolución das fianzas prestadas polo concesionario a petición deste, ou no seu caso incautarse dela para facer fronte ós desfeitos e danos causados polo concesionario, quen poderá en todo caso proceder ó seu arranxo pola súa conta e logo solicitar a devolución da fianza.
4. No caso da existencia de desperfectos ou danos, o concello daralle traslado da valoración do custo do seu arranxo ó interesado para que no prazo de 10 días acepte facer el a reparación ou pida que a faga o concello con cargo á fianza. Se aceptara arranxalos o concesionario, disporá do prazo de 1 mes dende a aceptación para realizar a reparación.

No caso de que o concello arranxara os desperfectos ou danos con cargo á fianza e esta non fora suficiente para cubrir o seu custo, poderá proceder pola vía executiva contra o debedor pola diferenza.

*ARTIGO 30.*

Son causas de suspensión temporal das concesións:

- a. Non atoparse ó corrente coa Facenda Pública
- b. Non manter a calidade dos xéneros de venda nin a limpeza, tanto do posto como do produto e das persoas.
- c. Vender artigos de ramo distinto ó consignado na concesión. A este fin, na concesión deberá sinalarse o destino do posto.
- d. Cando permaneza pechado un posto sen a debida autorización para elo por un período superior a trinta días.
- e. Cando o concesionario se atope ó descuberto no pago de dereito ou taxa de ocupación por un período superior a trinta días.
- f. Cando o concesionario houbese empregado ou se atope no seu poder algún produto nocivo dedicado á adulteración ou alteración de artigos alimenticios.
- g. Cando o adxudicatario venda artigos de procedencia ilícita.
- h. Cando o mesmo adxudicatario reincida na defraudación de peso, calidade ou infracción das disposicións sanitarias e cantas poidan ditarse pola autoridade municipal e non de lugar á caducidade ou extinción.
- i. Cando o concesionario altere o bo orden establecido no interior do mercado.
- j. Cando o concesionario desobedeza reiteradamente as instrucións emanadas das autoridades municipais.
- k. O non cumprimento das sancións implicará a suspensión temporal de entre 10 días e 3 meses.

*ARTIGO 31.*

A extinción/caducidade temporal ou definitiva non exclúe a imposición de multas pola Alcaldía, na contía procedente.

*TITULO V. DEREITOS, OBRIGAS E PROHIBICIÓNS DOS TITULARES DOS POSTOS.**ARTIGO 32.*

Son dereitos das e dos titulares dos postos da praza de abastos:

1. Explotar os postos na forma establecida nese Regulamento durante o tempo de concesión.
2. Utilizar os bens de servizo público necesario para desenvolver as súas actividades no caso de estar a disposición do persoal de vendas: balanzas de peso, cámaras de frío, etc...).
3. Solicitar prórrogas no prazo de concesión nos termos do prego polo que se rexou o procedemento de concesión.
4. Contratar persoal asalariado que o axude nas operacións a realizar no posto, sendo as relacións xurídicas que se deriven do contrato de traballo responsabilidade única do concesionario.
5. Como norma xeral, permítase o peche do posto nos seguintes termos:
  - Máximo de 30 días seguidos por vacacións.
  - Máximo de 3 días ó ano por asuntos propios.

En calquera caso deberá poñerse en coñecemento do Concello o uso destes dereitos. A comunicación ó Concello deberá ser cunha antelación mínima de 15 días.

- Por enfermidade xustificada.

*ARTIGO 33.*

Os usuarios dos postos e vendedores están obrigados ó cumprimento das seguintes obrigas:

- a) Dedicar o posto ó destino sinalado na concesión, a menos que medie acordo do concello autorizando, por causa debidamente xustificada e atendendo ó destino global de cada planta do mercado, dito cambio.
- b) Ter á vista o título de concesión, expedido polo Secretario da Corporación co visto e prace da Alcaldía.
- c) Conservar os postos en bo estado e limpeza.
- d) Exercer ininterrompidamente, durante as horas sinaladas, a súa actividade comercial. Como mínimo os postos deberán permanecer abertos unha vez á semana, sen perxurio dos supostos de peche permitidos en este regulamento (vacacións, asuntos propios ou enfermidade xustificada) e sen perxurio de que, se o día habitual de apertura do posto é inhábil, esa semana o posto poderá permanecer pechado.
- e) Vestir de maneira correcta a indumentaria apropiada para realizar a venda e conservala en bo estado de uso e limpeza. A tales efectos o concello escoitada a Asociación da Praza de Abastos poderá acordar o uso de certas pezas de uniformes comúns para todas/os.
- f) Atender ós compradores con amabilidade e deferencia.
- g) Facilitar á administración municipal, por medio dos seus axentes e funcionarios, o acceso e exhibición de todos os artigos existentes nos postos e facilitarlles cantos datos interesen relativos á boa marcha do servizo.
- h) Exhibir as autorizacións necesarias e os recibos xustificativos do pago da auga potable, enerxía eléctrica, recollida de lixo, taxa municipal e demais.
- i) Facer efectivas as cotas, taxas e demais exaccións previstas nas ordenanzas fiscais municipais, tanto pola utilización dos postos de venda como polos demais servizos dos que sexa beneficiario. Facer efectivas as sancións que no seu caso se impoñan.
- j) Correrán ó seu cargo todos os gastos propios do posto: enerxía eléctrica, auga, limpeza, recollida de lixo, conservación do posto, etc., así como satisfacer as taxas e demais exaccións que correspondan segundo as ordenanzas fiscais de aplicación.
- k) Cumprir as demais obrigas que resulten dese Regulamento, Ordenanzas Municipais acordos ou resolucións do concello ou Alcaldía; así como cumprir con cantas obrigas resulten doutras disposicións normativas de aplicación en materia de sanidade, alimentación, abastos, comercio, policía, fiscal, laboral e mercantil.
- l) Usar os locais, instalacións, servizos e elementos do mercado destinados ó uso xeral, nas condicións regulamentarias.
- ll) Estar en posesión do carné de manipulador, tanto o titular como as demais persoas que traballen no posto, no caso de que no posto se manipulen alimentos.
- m) Si se contratan outras persoas para que presten servizos baixo a súa dependencia, estas persoas deberán estar dadas de alta na Seguridade Social, estar en posesión do carné de manipulador de alimentos (no seu caso) e ter un contrato de traballo.
- n) Conservar os postos, así como as demais instalacións do bo estado, coidando de que estean limpos, libres de residuos e en perfectas condicións hixénico-sanitarias, depositando os lixos e desperdicios nos lugares sinalados para tal fin e nas horas indicadas.
- ñ) Non arroxar lixos, caixas, desperdicios etc, procedentes da limpeza dos postos ós corredores ou zoas comúns, sendo obrigatorio o traslado dos mesmos, por parte de cada usuario ó depósito de lixo destinado a tal fin.
- o) Non colocar vultos nin caixas de produtos nos corredores.
- p) Expoñer á vista do público unha mostra de todos os artigos que se vendan cos seus respectivos prezos. Igualmente, han de contar cos instrumentos regulamentarios de pesar e medir axustados ós modelos oficialmente homologados.
- q) Non executar obras nin colocar rótulos sen a preceptiva autorización municipal.

- r) Atender persoalmente o posto, podendo axudarse de persoal asalariado ou de familiares en 1º grado de consanguinidade ou afinidade nos termos do presente regulamento e sempre e cando se cumpra a normativa laboral vixente. O titular do posto deberá dar conta ó concello das altas e baixas do persoal asalariado.
- s) Servidume de paso, acceso a través do seu posto para arranxo ou outras necesidades nas instalacións.

**ARTIGO 34.**

Con carácter xeral establécense as seguintes prohibicións:

1. Expoñer as mercadorías, así como caixas, fora dos postos de venda ou en postos distintos dos que lles correspondan (pasos, frontes...)
2. Limpar despozos na praza durante o horario sinalado para a venda, salvo aqueles produtos mercados por un/unha cliente/a que solicite que llos limpen.
3. Guindar lixo ou residuos nas dependencias ou zonas de afluencia do público.
4. Vendas que estean prohibidas de acordos coa normativa de aplicación.
5. Reconxelar os alimentos que sufran cambios de temperatura que lle fagan perder as súas condicións específicas. Tampouco se poderán expoñer as mercadorías que precisen conservación por frío, agás en mobles frigoríficos axeitados para cada caso.
6. Dispoñer de recipientes e outros utensilios que faciliten manipulacións nocivas das mercadorías.
7. Voceo, ou uso de altofalantes ou de calquera outro medio sonoro para ofrecer os produtos e mercadorías, que supoñan alteracións no transcórren normalizado da venda.
8. A venda ambulante.
9. O emprego de recipientes ou medios de transporte de mercadorías que danen ou deterioreen o pavimento do recinto.
10. A venda a granel ou por fraccións cando esta venda esta prohibida pola regulamentación técnico-sanitaria ou polas normas específicas.
11. O emprego de papeis, cartóns, xornais, impresos... para envolver produtos. Non terán esta condición de papeis impresos aqueles que leven consignados os datos do/a vendedor/a sobre a cara do papel que non estea en contacto co alimento e que, con carácter xeral, estean autorizados pola inspección sanitaria.
12. Levar a cabo xestións de venda fora do posto.
13. A pega de publicidade no interior/exterior do edificio.

**ARTIGO 35.**

Os vendedores actuarán sempre dentro do seu respectivo posto e tras a súa mesa ou mostrador, sen saír ó exterior para vender ou facer reclamo.

O incumprimento deste Regulamento é considerado como falta grave.

**ARTIGO 36.**

Os xéneros serán postos a venda sobre o mesmo posto ou en bandexas ou cestos, e todos os artigos terán sinalados con caracteres claros e lexibles os seus prezos por unidade ou peso.

**ARTIGO 37.**

O concello de Pontearreas, aínda que proverá a vixianza do mercado, non asumirá responsabilidades por subtraccións, deterioro ou danos nos postos ou mercadorías.

*ARTIGO 38.*

Os titulares dos postos serán responsables das infraccións que cometan eles, seus familiares e asalariados que presten servizos nos postos, podendo chegar á perda da concesión, previo o correspondente expediente que será instruído. Ase mesmo serán responsables dos danos que se ocasionen ó público por causa de elementos existentes nos seus postos.

*ARTIGO 39.*

Non poderán sacrificarse nos postos do mercado os animais destinados a súa venda, nin realizar neles as operacións de desplumaxe de aves ou despellexe de coellos ou outros animais similares, nin salar, desalar, nin salmoura.

*ARTIGO 40.*

Si en calquera tempo o concello decidira o traslado do mercado a un novo emprazamento ou introducir nel modificacións, non terán dereito os concesionarios dos postos a esixir indemnización algunha por gastos de traslado nin polo custo das novas instalacións.

*ARTIGO 41.*

A utilización dos ascensores deberá realizarse seguindo as instrucións dos axentes encargados do seu funcionamento, responsabilizándose dos danos que se orixinen aqueles que as desobedezan.

*ARTIGO 42.*

Os titulares dos postos non poderán realizar neles obra ou modificación algunha se previamente non o solicitan e obteñen do concello a correspondente licenza municipal e baixo a inspección dos técnicos municipais. A execución das obras sen licenza dará lugar á caducidade da concesión.

As obras quedarán en beneficio do concello e de propiedade municipal, sen dereito a reclamación nin compensación algunha ó concesionario, quen ven obrigado ó termo da concesión, por calquera causa que se orixine, a entregar o posto nas condicións que o recibiu si conviñera ós intereses municipais.

*ARTIGO 43.*

O subministro de alumeado, teléfono ou auga, recollida de lixo ou outros gastos que se puideran xerar nas correspondentes instalacións de cada un dos postos, correrá a cargo dos seus titulares.

*ARTIGO 44.*

Si por razóns de hixiene, salubridade, policía de abastos ou orde público houbera a necesidade de clausurar en todo ou en parte o citado mercado, ou só algún dos seus postos, temporal ou definitivamente, non terán dereito algún os respectivos concesionarios a quen afectara a medida a reclamar prexuízos nin indemnizacións de ningunha clase, agás as previsións do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

*TITULO VI. DEREITOS E DEBERES DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E USUARIAS.**ARTIGO 45. DEREITOS DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E USUARIAS.*

A prestación de servizos nos mercados municipais ás persoas consumidoras e usuarias efectuarase de conformidade cos principios constitucionais de igualdade e non discriminación. Teñen preferencia as persoas que, na orde temporal, primeiro soliciten os servizos.

As persoas consumidoras e usuarias terán os seguintes dereitos:

1. Ter acceso ós servizos en condicións básicas de igualdade.

2. Utilizar as instalacións do mercado de conformidade co disposto neste regulamento e normativa de obrigado cumprimento.
3. Solicitar da administración municipal o correcto funcionamento das instalacións, denunciando, se é o caso, as irregularidades observadas.
4. Ser informadas das normas do funcionamento do mercado.
5. Ter garantía de que os servizos se prestan con continuidade.
6. Os demais dereitos recoñecidos por ese regulamento e normativa de obrigada aplicación.

*ARTIGO 46. DEBERES DAS PERSOAS CONSUMIDORAS E USUARIAS.*

1. Utilizar as instalacións do mercado de acordo coa súa natureza e destino.
2. Acatar as instrucións da Administración municipal ditadas en cumprimento deste regulamento e normas de obrigado cumprimento.
3. Non tocar nin apalpar as mercadorías expostas ó público cando se trate de produtos alimenticios facilmente deteriorables.
4. Responder dos danos ocasionados ás instalacións cando medie dolo ou culpa da persoa consumidora.
5. Os demais deberes que lles impoñan ás persoas consumidoras e usuarias a normativa de obrigado cumprimento.

*TITULO VII. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**ARTIGO 47.*

Os/as titulares dos postos serán responsables das infraccións que se cometan contra o presente Regulamento e demais normativas vixentes que afecten ó comercio polo miúdo de alimentación.

*ARTIGO 48.*

As infraccións das e dos titulares dos postos clasifícanse en: leves, graves e moi graves.

*1. Considérase falta leve:*

- A falta de limpeza nos postos do mercado.
- Guindar lixo e desperdicios fóra dos contedores.
- O abandono de envases e mercadorías dentro do recinto e arredores.
- Os altercados verbais coa clientela, outros/as titulares dos postos ou calquera outra persoa dentro do recinto.
- Causar danos no edificio, postos ou instalacións por valor inferior a 2000 euros.
- Manter o posto pechado máis de trinta días seguidos sen causa debidamente xustificada e sen previa autorización municipal, aínda que a ou o titular do posto se atope ó corrente no pago das taxas establecidas.
- A non utilización do uniforme que se entenda estandarizado para todo o persoal de vendas do mercado, así coma o incumprimento das normas de aseo persoal por parte dos/as concesionarios/as e os seus colaboradores e colaboradoras.
- Non estar atendido o posto polo/a titular ou por persoa autorizada expresamente polo Concello.
- Todas aquelas infraccións en relación co presente regulamento que non estivesen cualificadas como graves ou moi graves.

*2. Considérase falta grave:*

- Cometer tres faltas leves no prazo dun ano.
- A venda de produtos distintos ós autorizados polo Concello.

- Negarse a presentar calquera documentación relacionada co negocio que sexa solicitada polo persoal autorizado.
- Os altercados que afecten á boa orde do mercado.
- A non sinalización dos prezos dos produtos expostos.
- Causar danos no edificio, postos ou instalacións por un valor entre 2.000,01 euros e 6.000,00 euros.
- Empregar ou auxiliarse de colaboradores(as para atender o posto sen cumprir a normativa laboral e/ou as especificacións dese regulamento.
- Sacrificar nos postos do mercado os animais destinados a súa venda, realizar operacións de desplumaxe de aves ou despellexe de coellos ou outros animais similares, salado, desalado ou de salmoura.
- Actuar fora do seu respectivo posto ou mostrador, saír o exterior para vender ou facer reclamo.

### 3. *Considérase falta moi grave:*

- Cometer tres faltas graves no prazo dun ano.
- Os roubos e furtos dentro do mercado.
- O impago das taxas correspondentes.
- Destinar o posto de venda a actividades comerciais diferentes ás autorizadas na concesión.
- Non estar atendido o posto polo/a concesionario/a ou persoal asalariado deste ou familiares do 1º grado de consanguinidade ou afinidade nos termos do presente regulamento.
- Causar danos no edificio, postos ou instalacións por valor superior a 60001,0 euros.
- As ofensas de palabra ou obra ás autoridades municipais, ós/ás axentes de autoridade, ó persoal empregado da Inspección Sanitaria e ás demais persoas usuarias e público da praza.
- O incumprimento da resolución recaída por algunha infracción cometida.
- A realización de modificacións significativas nos postos sen a correspondente autorización municipal ou que modifiquen a súa estrutura construtiva.
- A cesión do posto sen autorización municipal.
- O incumprimento das condicións hixiénico-sanitarias dos alimentos e dos postos nos que se realiza a súa venda.
- A fraude na cantidade e calidade do xénero vendido.

### ARTIGO 49. SANCIONES.

O Concello, tras a apertura do correspondente expediente, poderá sancionar a persoa infractora coas seguintes cantidades, segundo a gravidade da infracción, independentemente da cantidade económica que lle supoña á persoa infractora reparar ou reponer os danos causados.

- *Faltas leves:* Cun importe entre 30,00 euros e 100,00 euros.
- *Faltas graves:* Cun importe entre 100,01 euros e 300,00 euros ou coa suspensión da actividade no posto por un prazo máximo de quince días.
- *Faltas moi graves:* Cun importe entre 300,01 euros e 900,00 euros ou coa suspensión da actividade no posto por un prazo de ata trinta días ou a rescisión da concesión ou autorización e, consecuentemente, a obriga de deixalo libre no prazo máximo de dez días.

### ARTIGO 50.

As faltas incluídas e tipificadas neste regulamento e que teñan a consideración de incumprimentos contractuais, para a súa sanción non precisan da tramitación dun procedemento sancionador, polo que é suficiente para resolver a denuncia da infracción a incoación do procedemento e audiencia previa ó/a concesionario/a.

A imposición de sancións polos restantes motivos esixirá a tramitación previa dun procedemento sancionador que deberá de adecuarse á normativa vixente ó respecto.

Serán expedientes instruídos pola concellería competente e resoltos pola Alcaldía.

A rescisión da concesión por incumprimentos contractuais será acordado pola Alcaldía, tras o informe da concellería competente, con audiencia ó/a concesionario/a do posto.

Para os efectos probatorios ou aclaratorios, a concellería ou a Alcaldía poderán solicitar información da asociación de comerciantes da praza de abastos.

#### ARTIGO 51.

A imposición de multa levará aparexada a suspensión do dereito de venda mentres o importe daquela non sexa satisfeito.

#### ARTIGO 52.

A prescrición das infraccións e sancións producirase:

- a) As leves ós seis meses.
- b) As graves ós dous anos.
- c) As moi graves ós tres anos.

#### ARTIGO 53.

Os dereitos de traspaso que o concello percibirá do transmitinte son os seguintes:

- a) Transmisións “Inter vivos”, o dez por cento (10%) do prezo do mesmo.
- b) Transmisión “Inter vivos” ou “mortis causa” entre cónxuxes, pais fillos e irmáns de dobre vínculo que vivan baixo o mesmo teito, o dez por cento (10%) do prezo do traspaso.

En ambos casos incrementaranse os alugueres mensuais nun quince por cento (15%) da renda anterior.

#### DISPOSICIÓN DEROGATORIA:

Á entrada en vigor deste regulamento quedará derrogado o anterior Regulamento de Organización do Mercado Municipal de Abastos.

Ase mesmo quedan derrogadas todas as disposicións municipais que contradigan o previsto no presente regulamento.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIA:

As concesións vixentes á entrada en vigor deste Regulamento rexeranse en canto a súa duración polas normas con arranxo ás cales se outorgaron.

#### DISPOSICIÓN FINAL.

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez sexa aprobado definitivamente polo Pleno Corporativo, sexa publicado o seu texto íntegro no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local.

**RECURSOS.**—Contra o presente acto administrativo, que por fin á vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Ponteareas, a 29 de xaneiro de 2014.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2014000986

\* \* \*